

## INFORME DE LEGALIDADE DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA O CONSELLO DA CALIDADE DO AIRE DE GALICIA

En cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte,

### INFORME

#### 1. Obxecto

Constitúe o obxecto do presente proxecto de Decreto polo que se crea o Consello da calidade do aire de Galicia.

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, é o organismo responsable da vixilancia, control e avaliación da calidade do aire en Galicia, co obxecto de protexer a saúde e benestar da poboación galega. Para iso, realiza o seguimento en tempo real das concentracións de contaminantes no aire ambiente mediante a Rede de Calidade do Aire de Galicia.

O Real Decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire, modificado polo Real Decreto 678/2014, do 1 de agosto, define e

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro  
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela  
[sxt.cmatv@xunta.gal](mailto:sxt.cmatv@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



establece, conforme coas Directivas europeas, os obxectivos de calidade do aire para determinados contaminantes atmosféricos con incidencia na saúde das persoas e no medio ambiente. Tamén establece a información que se debe subministrar ao público cando se rebase un limiar de alerta ou de información dos recollidos no seu Anexo I, así como a obriga de adoptar medidas inmediatas por parte das Administracións competentes para reverter a situación.

A pesar de que a monitorización da calidade do aire en Galicia, no marco do devandito Real decreto pon de manifesto o cumprimento dos valores límite de contaminantes recollidos no mesmo, a Xunta quere adoptar un enfoque máis ambicioso tomando coma referencia os criterios aínda máis restritivos propostos pola Organización Mundial da Saúde, coa firme vontade de extremar a protección da saúde pública.

Destas ideas xurde a necesidade de crear o Consello da Calidade do Aire de Galicia como plataforma de intercambio de información e de comunicación na que estarán integradas todas as partes implicadas na mellora da calidade do aire (administracións, empresas, sector académico, e cidadanía, a través dos colectivos que a representen).

## 2. Marco normativo e competencial

Conforme co artigo 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma Galega ostenta competencia exclusiva en normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución Española.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro  
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela  
[sxt.cmatv@xunta.gal](mailto:sxt.cmatv@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, establece que corresponde a cada Administración pública delimitar, no seu respectivo ámbito competencial, as unidades administrativas que configuran os órganos administrativos propios das especialidades derivadas da súa organización.

Polo demais, e no que fai competencia para a aprobación do proxecto sobre o que versa o presente informe, a mesma correspóndelle ao Consello da Xunta, de conformidade co artigo 4.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co disposto no artigo 34.5 da antedita lei 1/1983 e dos artigos 37, 38, 39 e 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral de do sector público autonómico de Galicia, e tendo en conta o disposto Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

### 3. Principios de boa regulación

De acordo co artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a adecuación os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia xustifícase na memoria xustificativa do presente proxecto de decreto.

Así mesmo, obsérvase o cumprimento do resto do mandato contido no artigo 129 da Lei 39/2015:

- En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a xustificación da necesidade normativa e os fins perseguidos figuran na memoria xustificativa.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro  
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela  
sxt.cmatv@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



- O proxecto respecta a lexislación básica comunitaria e estatal na materia, garantindo o principio de seguridade xurídica.

#### 4. Estrutura do proxecto normativo

O decreto estrutúrase en catorce artigos, dúas disposicións adicionais unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

#### 5. Tramitación

O proxecto de decreto tramitase de conformidade co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

No expediente constátase que de acordo co disposto no artigo 41.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o proxecto de decreto acompáñase dos seguintes documentos, correspondentes á fase inicial da tramitación:

- Acordo de inicio (28/06/2021)
- Memoria Económico-financeira (15/12/2021)
- Memoria Xustificativa (30/06/2021)
- Informe da SXT (07/07/2021)
- Aprobación Inicial (08/07/2021)

Na fase intermedia da tramitación foi sometido a os seguintes trámites:

- Trámite de audiencia e Información pública a determinadas administracións, corporacións ou entidades.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro  
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela  
[sxt.cmatv@xunta.gal](mailto:sxt.cmatv@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



- Trámite de Audiencia (12/07/2021), cun prazo de quince días.
- Información pública e transparencia (15/07/2021 \_ 05/08/2021)
- Informe sobre os trámites de consulta pública e audiencia, no que se analizan as alegacións presentadas.

**Informes e ditames:** Durante a tramitación pronunciáronse sobre o proxecto os seguintes órganos:

- Informe da Dirección Xeral da Función Pública de 5 de xaneiro de 2022
- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa de 26 de novembro de 2021
- Informe da Dirección Xeral competente en materia de orzamentos de 8 de decembro de 2021.
- Informe sobre impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade de 29 de novembro de 2021.
- Informe da Dirección Xeral de Política Social do 17 de novembro de 2021.

Na fase final da tramitación, o expediente remítese a o preceptivo informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, emitíndose o informe en data 9 de marzo do 2022. As observacións do informe da Asesoría Xurídica foron incorporadas ao texto.

A vista do anterior, e unha vez contrastada toda a documentación que consta no expediente, compróbase que a actuación desta Administración, tanto en canto á finalidade da norma como en canto á tramitación do expediente, adecuouse aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, tal e como esixe o artigo 129.1

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro  
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela  
sxt.cmatv@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



da Lei39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## 6. Legalidade

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de Decreto polo que se crea o Consello da calidade do aire de Galicia.

Santiago de Compostela,

A secretaria xeral técnica

(documento asinado dixitalmente)

Carmen Bouso Montero

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro  
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela  
[sxt.cmatv@xunta.gal](mailto:sxt.cmatv@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

